



Concentración o 27 ás 20.30 no Toural pola liberdade de Laura Bugallo: defender inmigrantes non é delito!

- [inmigrantes](#) [1]
- [Laura Bugallo](#) [2]
- [liberdade](#) [3]
- [solidariedade](#) [4]

Informamos da convocatoria dunha concentración este mércores 27 de maio na Praza do Toural ás 20.30 para reclamar a liberdade da nosa compañeira Laura Bugallo, detida na xornada de onte pola Policía Nacional, nunha clara campaña de ataque e acoso á rede de apoio das persoas inmigrantes na Galiza. Porque defender os inmigrantes non é delito, achegáte a amosar a túa solidariedade e difunde!

Detención de Laura Bugallo

O martes 26 de maio a Policía Nacional, por orde da Subdelegación do Goberno, procedía á detención da compañeira Laura Bugallo, traballadora da CIG-Migración en Compostela, incansábel loitadora na defensa dos dereitos das persoas inmigrantes, así como coñecida pola súa actividade no feminismo e no movemento LGBT, nomeadamente desde o seu labor en Transgaliza polo recoñecemento dos dereitos e da visibilización das transexuais.

Detiñan a nosa compañeira, integrante da Mesa Nacional do Movemento pola Base, por un suposto delito de "falsidade documental", que consistiría na axuda e tramitación desinteresada dos papeis a persoas inmigrantes. Así, rexistraron tanto a súa oficina de traballo, levándose computadores e documentación, como a súa casa, onde tamén fixeron o mesmo.

Esta detención supón un ataque á rede de persoas e colectivos que como a nosa compañeira Laura Bugallo defenden e apoian en todo momento ás persoas inmigrantes. Reclamamos a súa inmediata posta en liberdade, e demandamos que remate esta persecución política contra quen loita polos dereitos dos e das inmigrantes.

Nese sentido informamos da convocatoria dunha concentración este mesmo mércores 27 de maio ás 20 da tarde na Praza do Toural, pola liberdade de Laura Bugallo e contra este ataque á rede de apoio das persoas inmigrantes porque **"Defender os inmigrantes non é delito!"**

Acude e difunde.

- [inmigrantes](#)
- [Laura Bugallo](#)
- [liberdade](#)
- [solidariedade](#)

Source URL:

<http://www.polabase.net/nova/2009/05/27/concentracion-o-27-2030-no-toural-pola-liberdade-laura-bugallo-defender-inmigrantes->

Links:



- [1] <http://www.polabase.net/novas/marcas/inmigrantes>
- [2] <http://www.polabase.net/novas/marcas/laura-bugallo>
- [3] <http://www.polabase.net/novas/marcas/liberdade>
- [4] <http://www.polabase.net/novas/marcas/solidariedade>